VICERREITORÍA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL
E CALIDADE
Casa da Balconada. Rúa Nova 6
15782 Santiago de Compostela
Telf: 881 811 007 / 881 811 000 ext.: 11007
Fax: 881 811 207
e-mail: vr.calidade@usc.es

INFORME SOBRE A 2ª CONVOCATORIA EXPERIMENTAL DO PROCESO DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO-DOCENTIA.

1. OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

O RD 1393/2007, do 29 de Outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais recolle como requisito previo para a verificación e acreditación dos novos títulos oficiais contar cun sistema de garantía da calidade que inclúa procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino. Para cumprir con esta esixencia a Universidade de Santiago de Compostela dotou aos Centros dun Sistema de garantía interna de calidade e dun Programa de avaliación da actividade docente recoñecido a nivel nacional que permite ao profesorado acreditar a calidade da súa docencia tanto en procesos de promoción profesional coma en procesos de verificación e acreditación de titulacións.

O deseño do procedemento de avaliación foi verificado por ANECA en maio de 2008. Devandito procedemento prevé a súa aplicación experimental; transcorrida esta fase de experimentación e unha vez validado o resultado solicitarase á ANECA/ACSUG a súa certificación. Durante a fase de experimentación a avaliación non terá consecuencias para o profesorado, máis aló do recoñecemento da súa colaboración no deseño e implementación do proceso.

2. DESENVOLVEMENTO DA 2ª CONVOCATORIA EXPERIMENTAL

A USC realizou até a data dúas convocatorias experimentais do programa DOCENTIA. Para a realización da segunda convocatoria aplicouse o Manual de Avaliación da Actividade Docente do profesorado modificado tras a realización da 1ª convocatoria experimental e aprobado na sesión do Consello de Goberno do 16 de novembro do 2010.

Esta segunda convocatoria experimental do Programa DOCENTIA púxose en marcha no mes de decembro de 2010 en seis centros piloto seleccionados dos dous Campus da USC Santiago e Lugo, foron a Facultade de Filoloxía, a Facultade de Xeografía e Historia, a Escola Politécnica Superior, a Facultade de Veterinaria, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, e a Facultade de Física. Presentáronse voluntariamente a esta avaliación 48 docentes que supoñen o 5,17% dos profesores convocados. O calendario da convocatoria foi o que segue:

- Data de publicación da convocatoria: 10/12/2010
- Prazo para a presentación de solicitudes de participación: 13/12/2010 ao 03/02/2011
- Prazo para a elaboración do autoinforme: do 09/05/2011 ao 06/06/2011
- Data presentación informes autoridades académicas: xuño de 2011
- Elaboración dos informes dos comités de avaliación: xuño-xullo de 2011
- Reunións de consenso dos Comités de Avaliación: do 5 ao 12 de xullo de 2011
- Data comunicación resultados aos participantes: 29/07/2011

VICERREITORÍA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E CALIDADE
Casa da Balconada. Rúa Nova 6
15782 Santiago de Compostela
Telf: 881 811 007 / 881 811 000 ext.: 11007
Fax: 881 811 207
e-mail: vr.calidade@usc.es

Finalmente completaron o proceso 42 docentes coa seguinte distribución por gran área de coñecemento:



Aínda que nas convocatorias ordinarias o período de avaliación comprenderá a actividade docente do cinco cursos anteriores á data de solicitude, no caso desta segunda convocatoria experimental o período obxecto de avaliación foron os cursos académicos 2007-08 e 2008-09.

AXENTES IMPLICADOS

Persoal docente

O/A profesor/a participante na convocatoria elaborou, seguindo o protocolo establecido no Manual de avaliación da actividade docente, un autoinforme sobre a súa docencia no período obxecto de avaliación. A maior parte dos datos consignados no autoinforme proceden das bases de datos da universidade, outros datos foron achegados e acreditados polo profesorado participante ante o Vicerreitorado con competencias en calidade.

Responsables Académicos

Os/As decanos/as ou directores/as de Centro nos que impartiu a súa docencia o profesorado no período obxecto de avaliación e o/a director/a de o Departamento ao que estea adscrito, coa axuda das Comisións de Calidade e coordinadores de docencia, procederon a elaborar un informe confidencial no que fixeron unha valoración global sobre os diferentes criterios utilizados para avaliar a actividade docente do profesorado. Nesta 2ª convocatoria experimental participaron 21 responsables académicos de Centros e Departamentos.

Comités de Avaliación (CE)

A USC constituíu cinco Comités de Avaliación (CE), un por cada gran área de coñecemento, formados por cinco membros dos que tres pertencen á USC e dous son externos ao SUG. Os comités de avaliación xa participaron na avaliación da 1ª convocatoria experimental, salvo o comité de avaliación da área de Ciencias da Saúde xa que ningún dos/as docentes participantes na primeira convocatoria pertencía a esta gran área de coñecemento.

Realizaron os seus informes de avaliación ao longo do mes de xuño de 2011, tendo lugar as reunións de consenso do 5 ao 12 de xullo de 2011 nas instalacións de ACSUG. Os informes

VICERREITORÍA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E CALIDADE
Casa da Balconada. Rúa Nova 6
15782 Santiago de Compostela
Telf: 881 811 007 / 881 811 000 ext.: 11007
Fax: 881 811 207
e-mail: vr.calidade@usc.es

de avaliación foron realizados de acordo coas dimensións e criterios establecidos no manual para a avaliación da actividade docente e seguindo as directrices establecidas pola CIAP a partir da seguinte información:

- Informe dos responsables académicos: decanos/as, directores/as de Centro e directores/as de Departamento.
- Autoinforme emitido polo persoal docente, onde se constatan as reflexións e propostas de mellora sobre a súa actividade docente.
- Datos obxectivos sobre a docencia e os méritos docentes dos/as participantes entre os que se incluían os resultados das enquisas de satisfacción dos/as estudantes coa docencia e os resultados académicos obtidos.

Comisión Interna de Avaliación do Profesorado (CIAP)

Esta comisión é a responsable de iniciar e dirixir o proceso de avaliación. Constituída en novembro de 2009, os seus membros foron renovados como consecuencia do cambio do equipo de goberno e dun cambio na presidencia do comité de avaliación da área de Ciencias Experimentais.

3. RESULTADOS OBTIDOS NA 2ª CONVOCATORIA EXPERIMENTAL

Os resultados son considerados positivos pero mellorables tanto dende a perspectiva do funcionamento administrativo do proceso de avaliación coma dende a perspectiva dos resultados da avaliación dos/as docentes participantes.

Principais indicadores do proceso	Resultado
Total de profesorado da USC avaliable (POD)	2229
Total de profesorado convocado (Centros piloto)	812
Total de profesorado avaliado	42
% profesorado avaliado sobre o total avaliable	1,88%
% profesorado avaliado sobre o convocado	5,17%
% profesorado avaliado favorablemente	92,9%
Nº de solicitudes de revisión recibidas e resoltas	8
% de solicitudes de revisión estimadas	50%

VICERREITORÍA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E CALIDADE
Casa da Balconada. Rúa Nova 6
15782 Santiago de Compostela
Telf: 881 811 007 / 881 811 000 ext.: 11007
Fax: 881 811 207
e-mail: vr.calidade@usc.es

Resultados globais obtidos:



Resultados obtidos por gran área de coñecemento:

	ÁREA DE COÑECEMENTO				
	Ciencias Experimentais	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ensinanzas Técnicas	Humanidades
% docentes con avaliación excelente	100%	86%	100%	100%	58%
% docentes con avaliación positiva	0%	0%	0%	0%	32%
% docentes con avaliación negativa	0%	14%	0%	0%	5%
% docentes con avaliac. Incumprimento das obrigas docentes	0%	0%	0%	0%	5%
% dos docentes avaliados	15,38%	16,67%	19,05%	4,76%	45,24%

4. PROPOSTAS DE MELLORA

O obxectivo das modificacións é a simplificación e estandarización do proceso de avaliación. Na definición das propostas tratouse de incorporar as suxestións dos axentes participantes así como os requisitos establecidos no protocolo de certificación aprobado por ACSUG.

Deseño e desenvolvemento do proceso de avaliación: Débese seguir na liña de mellora continua do proceso de xestión do programa DOCENTIA en previsión da súa implantación xeral no conxunto da Universidade. Para iso considérase imprescindible incrementar a automatización dos procesos administrativos. Os aspectos a mellorar neste ámbito son:

- Crear unha estrutura modelo que sirva como base para as execucións anuais do programa. A estrutura debería conter un calendario xenérico coa programación das distintas fases, responsables, comunicacións aos axentes participantes no proceso, xestión de datos, etc.

VICERREITORÍA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E CALIDADE
Casa da Balconada. Rúa Nova 6
15782 Santiago de Compostela
Telf: 881 811 007 / 881 811 000 ext.: 11007
Fax: 881 811 207
e-mail: vr.calidade@usc.es

- Establecer as políticas e procedementos para a obtención e mantemento de todos os datos a empregar en cada aplicación do programa. Elaborar unha relación dos datos definindo orixe, prazos para a súa obtención e actualización. A información debe ser o máis detallada posible, establecendo formatos a utilizar, e no caso de datos agregados as fórmulas e procedementos de cálculo. Esta relación tamén debe reflectir situacións ás que se lles deba prestar especial atención ao tratar os datos e a información: docentes que impartiron a súa docencia en máis dun centro, autoridades académicas que participan no proceso e deban ser avaliados por outras autoridades, etc.
- Analizar a aplicación que se utiliza para a recollida de información nos Centros, comprobando que recolla exactamente os datos que se van a utilizar na avaliación.
- Simplificar e automatizar no posible os procesos de xestión, por exemplo que a achega de evidencias por parte dos/as docentes se realice directamente na aplicación permitindo o almacenamento de arquivos dixitais.

Aplicación informática: No relativo ás melloras na aplicación informática de ACSUG é preciso revisar e depurar a interface da aplicación para facela máis amigable e práctica na súa utilización polos axentes participantes no proceso.

Manual de Avaliación: É preciso revisar novamente o Manual de avaliación incorporando todas as melloras necesarias e definir un novo rango de resultados acorde cos criterios de certificación definidos por ACSUG.

5. CONCLUSIÓNS

Unha vez analizados os resultados obtidos e tendo en conta a mostra de profesorado avaliado e a necesidade de revisar os procesos internos de xestión do programa e o manual de avaliación da actividade docente do profesorado considérase necesario levar a cabo unha terceira convocatoria experimental do programa na que participe un maior número de persoal docente, para iso a convocatoria deberá alcanzar á totalidade de centros da USC.

O calendario de experimentación do modelo queda como segue:

	Curso de solicitude da avaliación	**Período a avaliar**
Fase de experimentación	2009/10	Dous cursos previos: 2005/06- 2006/07
	2010/11	Dous cursos previos: 2007/08- 2008/09
	2011/12	Tres cursos previos: 2007/8, 2008/09 e 2009/10
Validación do MAAD	2012/13	Catro cursos previos, de 2007/8 a 2010/11
	2013/14	Cinco cursos previos, de 2007/8 a 2011/12
	Seguintes	Cinco cursos previos, de 2007/8 a 2011/12

Na terceira convocatoria experimental que se levará a cabo ao longo do curso 2011-12 avaliaranse os cursos 2007/8, 2008/09 e 2009/10. Por acordo da CIAP nesta nova convocatoria manterase a composición dos comités de avaliación sen proceder á súa renovación co fin de pór en valor a súa experiencia na revisión do proceso e do Manual.